



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

As nenas da miña terra
cando van pra romaría
levan a roupa de ghalda
deixan a de cada día.

2109

Cando eu salín da casa
salíache muito o sol
pero sabes que teño ghardado
os sapatos de charol;
e teño outros na casa
pra gharstar nos carnavales
qu'eu como non tiña cartos
traballei moitos xornales.

A pobreza é vida vella,
a dos probes xornaleiros
éache mui parecida
á vida dos marisqueiros.

Eu aínda acordo unha
per' un peso o boto,
había un no meu lugar
que lle chaman o Roto.

Todo o mundo lle decía
probe Roto descosido,
qu' andas tocando no corno
de Campolonco a San Sidro.

Si pasas pola miña porta
e pasabas medio morno,
disireinll' a miña nai
que boto Roto no forno.

Porque se ten unha terroña
e non ten bolo no lar,
botaba o Roto no forno
e axúdallo a quentare.



1416b

A túa nai prendeno
a túa nai
ia túa nai prendeno
e fui teu pai
e fui teu pai María
a fui teu pai
a túa na prendeno
a túa nai.

410b

Eu nacín en Camariñas
nacín na beira do mar
a rapaza que me leve
bo peixe ha de levar.

Ai con el tipi tipi tana
Ai mi more morena clara

1418

Eu son fillo de solteira
a culpa fui de meu pai
que era fillo do demo
qu'engañou a miña nai.

Ai con el tipi tipi tana
Ai mi more morena clara